

**Plan de
transporte**



CEIP Juana de Vega

NORMATIVA.....	4
OBXECTIVOS DO TRANSPORTE ESCOLAR	5
O/A ACOMPAÑANTE ESCOLAR	6
Funcións e obrigas do/da acompañante escolar	6
O PERSOAL DOCENTE ENCARGADO DA RECEPCIÓN DO ALUMNADO USUARIO DO TRANSPORTE ESCOLAR	8
Recepción de entrada no centro.....	8
Entrega á saída do centro.....	8
OS/AS USUARIOS DO TRANSPORTE ESCOLAR	9
Obrigas dos usuarios/as do transporte escolar.....	9
A IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS	11
A IMPLICACIÓN DO CENTRO	12
PLAN DE EMERXENCIAS	13
Primeiros auxilios.....	13
Evacuación do vehículo ante situacións de perigo	13
PROCEDEMENTO A SEGUIR SE A PERSOA RESPONSABLE OU A PERSOA AUTORIZADA NON ESTIVESE PARA RECOLLER AO SEU FILLO/A.....	14
O USO DO SERVIZO POR PERSOAS DISTINTAS DOS SEUS USUARIOS CON DEREITO	15
BAREMACIÓN NO CASO DE INSUFICIENCIA DE PRAZAS.	16
RUTAS AUTORIZADAS.....	17
Ruta 01/E.....	17
Ruta 01/S.....	18
Ruta 02/E.....	19
Ruta 02/S.....	20
Ruta 03/E.....	21
Ruta 04/E.....	22

Ruta D03/S 23

NORMATIVA

- ✚ Instrucción 1/21 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 25 de xuño, sobre a xestión do servizo de Transporte Escolar no curso 2021-22.
- ✚ Orde de 17 de marzo de 2007 pola que se regula o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos.
- ✚ Decreto 203/1986 do 12 de xuño polo que se regulan determinados aspectos do transporte escolar.
- ✚ Circular 7/96 da Secretaría Xeral de Educación, pola que se regula a modificación de itinerarios de transporte escolar.
- ✚ Real Decreto 443/2001 do 27 de abril, BOE 2/5/01, sobre condicións de seguridade no transporte escolar e de menores.
- ✚ ORDE de 23 de xuño de 2011 pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- ✚ Normas de Organización e Funcionamento do CEIP Juana de Vega

OBXECTIVOS DO TRANSPORTE ESCOLAR

- ✚ Respeitar aos compañeiros e compañeiras e ás persoas que van dentro do autobús (condutor/a e coidador/a)
- ✚ Inculcar ao alumnado hábitos de comportamento nos transportes públicos.
- ✚ Utilizar a ruta escolar como espazo de relación con outras persoas coas que compartimos un anaco agradable e conversamos das nosas cousas.
- ✚ Favorecer a conciliación familiar.

O/A ACOMPAÑANTE ESCOLAR

O/a acompañante escolar é a persoa encargada do coidado dos menores durante o transporte.

Funcións e obrigas do/da acompañante escolar

Son funcións do/da acompañante escolar:

- ✚ Recoller e acompañar ao alumnado dende e ata o recinto escolar.
- ✚ Prestar especial atención durante a subida e baixada dos/das menores ao vehículo.
- ✚ Descender do vehículo mentres se realizan estas operacións.
- ✚ Controlar e vixiar os/as nenos/as en todo momento.
- ✚ Evitar que os/as nenos/as molesten o/a conductor/a.
- ✚ Evitar que os/as nenos/as crucen sen comprobar que non veñen vehículos.
- ✚ Revisar a adecuada colocación das mochilas.
- ✚ Atender a calquera neno ou nena que sufra algunha indisposición.
- ✚ Revisar, unha vez finalizado o transporte, o interior do autobús para asegurarse de que non queda ningún escolar e non existen obxectos abandonados dentro do vehículo.
- ✚ Comprobar que ninguén vaia de pé.
- ✚ Comprobar que non viaxan máis nenos/as que prazas ten o vehículo. Cada neno/a debe ocupar unha praza.
- ✚ O/a acompañante debe ir preto da porta central ou traseira, nunca a carón do/da conductor/a.
- ✚ Comprobar se falta algún rapaz ou rapaza e comunicalo ao centro escolar.
- ✚ En caso de calquera incidencia, facer un parte de comunicación ao centro escolar. Anexo I.

- ✚ Coordinar as operacións de evacuación do vehículo en caso de accidente ou situación de emerxencia.
- ✚ Comprobar que o alumnado menor de doce anos non ocupe prazas contiguas á do/da conductor/a. Aquelas persoas que teñan algunha discapacidade situaranse nas prazas máis próximas ás portas de saída.
- ✚ Controlar que o alumnado que suba ao vehículo sexa usuario do servizo de transporte escolar, así como de que non entre ningunha persoa allea a este servizo.
- ✚ Comprobar que cada usuario/a baixe na parada que lle corresponde, asegurándose de que son recollidos/as pola persoa responsable ou persoa autorizada para facelo. De non ser así, non deixar que baixen do bus e chamar ao centro escolar ou á súa familia, se é o caso.
- ✚ Coñecer a situación e manexo dos materiais de emerxencias: martelo rompecristais, extintor e fiestras de emerxencia ou socorro.

O PERSOAL DOCENTE ENCARGADO DA RECEPCIÓN DO ALUMNADO USUARIO DO TRANSPORTE ESCOLAR

Recepción de entrada no centro.

De acordo coa ORDE de 23 de xuño de 2011, será o profesorado do centro o encargado de recoller aos alumnos/as que usan o transporte escolar e de custodialos desde as 08:40 a 09:00.

O alumnado permanecerá nas filas ata que o profesorado de garda os recolla e os suba para as súas aulas, ata a hora do inicio das clases.

No caso de ausencia do profesorado de garda de transporte será responsable algún membro do Equipo Responsable.

Entrega á saída do centro.

- ✚ Todo o alumnado baixará en orden para as filas do patio cuberto agás o alumnado do 1º turno de bus que acompañará directamente ao profesorado de garda ata o bus correspondente.
- ✚ O alumnado do segundo turno de bus, agardará na súa fila ata que chegue o bus, momento no que se desprazarán ata o bus xunto co profesorado de garda.

OS/AS USUARIOS DO TRANSPORTE ESCOLAR

Todos/as os/as usuarios/as do transporte escolar teñen que ser conscientes dos perigos existentes, das situacións de risco existentes que hai que evitar e coñecer os seus deberes para non xerar situacións de perigo.

Obrigas dos usuarios/as do transporte escolar

- ✚ Chegar á parada do autobús con tempo suficiente, polo menos 5 minutos antes da hora a que ten previsto pasar o autobús.
- ✚ Non correr ao subir ao autobús nin tampouco ao saír.
- ✚ Esperar ata que o autobús pare, abra a porta e o/a acompañante dea o seu visto e prace para entrar no autobús. Non empurrar a outros/as nenos/as para subir o primeiro.
- ✚ Nunca camiñar por detrás do autobús. É moi perigoso xa que o/a conductor/a non pode verte.
- ✚ Despois de subir ao autobús, quedar sentado no asento, colocar a mochila e non gritar nin alborotar.
- ✚ Esperar a que o autobús estea totalmente parado para baixar del.
- ✚ Empregar a varanda das escaleiras para baixar do autobús.
- ✚ Asegúrate que non levas nada enriba de ti que se poida enredar na porta do autobús.
- ✚ Non camiñar polo bordo da beirarrúa, nin invadindo a calzada. Se é posible camiñar polas zonas peoniles, senón existen, facelo o máis próximo ao bordo das casas e a ser posible pola esquerda.
- ✚ Prestar atención ás entradas e saídas dos garaxes.
- ✚ Cruzar sempre polos pasos de peóns, con paso rápido pero sen correr nin deterse na estrada.
- ✚ Sempre que existan, empregar os pasos superiores e inferiores para peóns.

- ✚ Cruzar en liña recta, é o camiño máis curto.
- ✚ Non sacar os brazos ou a cabeza polas fiestras.
- ✚ Non tirar papeles ou obxectos polas fiestras.
- ✚ Non apoiarse nas portas de saída nin accionar os sistemas de apertura dos mesmos.
- ✚ Non cruzar nunca por diante do autobús xa que o resto dos vehículos non te ven e se pode producir unha situación de risco.

A IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS

As persoas responsables do alumnado e as persoas autorizadas, teñen a responsabilidade e o compromiso de actuar activamente na seguridade dos seus pupilos.

As persoas responsables e as persoas autorizadas deben asegurarse de que as nenas e os nenos:

- ✚ Non corran para chegar ao bus, nin o fagan ao subir ou baixar del.
- ✚ Non empurren aos demais.
- ✚ Chegan a tempo.
- ✚ Se retiren cara a atrás cando chega o autobús.
- ✚ Seguen as indicacións da persoa acompañante e do/da conductor/a.

Ademais, as persoas responsables e as persoas autorizadas tamén deben de colaborar para minimizar as situacións de risco:

- ✚ No caso de que vaia recoller o seu fillo ou a súa filla no coche, sempre que sexa posible, intente estacionar o vehículo no mesmo lado da estrada que a parada do autobús para que o/a neno/a non teña que cruzar a rúa; evitando así unha situación de risco.
- ✚ Se decide recoller o seu fillo ou a súa filla no centro escolar, non se esqueza de avisar e de entregar no centro un escrito no que conste que baixo a súa responsabilidade ese día ou nun dos traxectos non fará uso do transporte escolar.
- ✚ Coidarán da seguridade no traslado dos seus fillos e fillas desde o domicilio ata a parada correspondente, así como no tempo de espera ata a chegada do autobús e igual ocorrerá cando se trate da recollida do alumnado.

A IMPLICACIÓN DO CENTRO

A dirección do centro é responsable de que o servizo de transporte escolar se faga en condicións de calidade e seguridade.

Ao comezo do curso escolar a dirección do centro comunicaralles ás persoas responsables do alumnado usuario do servizo de transporte escolar o horario e os puntos de saída e chegada.

No caso de detectar deficiencias no servizo de transporte e/ou da persoa acompañante, a dirección do centro comunicarallas verbalmente á empresa para a súa corrección, sen prexuízo da súa notificación por escrito ao Servizo Provincial de Recursos Educativos Complementarios.

Estas deficiencias poderán ser detectadas tanto polo centro, como polo/pola acompañante, o alumnado ou polas súas familias.

No centro habilitarase un documento onde se poidan rexistrar as posibles incidencias. Este documento será custodiado pola dirección do centro docente.

Os centros tamén teñen un papel importante á hora de educar sobre seguridade vial os/as nenos/as:

- ✚ Desenvolver a educación vial nas aulas. Incidir na importancia de coñecer os riscos e beneficios do tráfico e máis concretamente do transporte escolar.
- ✚ A educación dende unha idade temperá crea hábitos nos/as nenos/as beneficiosos no futuro.
- ✚ Aproveitar o propio autobús escolar para a educación vial.

PLAN DE EMERXENCIAS

Ante o amplo abano de posibles situacións de risco, cómpre incidir en aspectos básicos de dúas liñas de actuación:

Primeiros auxilios

- ✚ Tranquilidade
- ✚ Protexer o lugar dos feitos
- ✚ Socorrer ás vítimas e alertar aos servizos de emerxencia 112

Evacuación do vehículo ante situacións de perigo

- ✚ Avería mecánica: Procurarán non baixar do vehículo ata que se arranxe.
- ✚ Bloqueo de portas e evacuación: Procederáse á evacuación polas fiestras de evacuación.
- ✚ Incendio de motor ou outras partes: Primeiro sofocar o incendio e de non ser posible, realizar unha evacuación de forma ordenada por todas as portas.
- ✚ Choque frontal ou lateral: avisar aos servizos de emerxencia e proceder á evacuación. Si hai feridos acudirán ao rescate membros do corpo de bombeiros, garda civil ou policía intentando a súa inmovilización.
- ✚ Caída a auga: Procederáse á evacuación polos sitios axeitados. Si está totalmente sumerxido, agardarase ata que a presión do interior e do exterior se iguale.
- ✚ Enfermidade ou ferida: Primeira atención no autobús e posterior traslado a un centro hospitalario.

PROCEDIMENTO A SEGUIR SE A PERSOA RESPONSABLE OU A PERSOA AUTORIZADA NON ESTIVESE PARA RECOLLER AO SEU FILLO/A

Se a persoa responsable ou a persoa autorizada non estivesen á hora de recoller ao alumnado poranse en marcha os seguintes procedementos:

1. O autobús esperará un máximo de cinco minutos na parada correspondente.
2. Se non houbese chegado ninguén a recoller ao neno/a, chamáse por teléfono e o/a coidador/a farase cargo del ou ela, continuando a ruta establecida.
3. Se unha vez rematada a ruta ninguén aparecece, o/a coidador/a farase cargo do neno/a por un máximo de 15 minutos.
4. No suposto de non aparecer ninguén, o/a coidador/a entregará o neno ou nena á garda civil ou policía municipal.
5. Se o alumno fóra de cursos superiores, a coidadora podería deixalos ir sÓS sempre e cando haxa autorización por escrito das persoas responsables.

Comunicará por teléfono ao equipo responsable do centro a incidencia nos números:

628 815 120 / 607 741 969

O USO DO SERVIZO POR PERSOAS DISTINTAS DOS SEUS USUARIOS CON DEREITO

Seguindo as directrices da Instrucción 1/21 do 25 de xuño sobre a xestión do transporte no curso 21/22, ante a eventualidade de que haxa vehículos que contén con prazas vacantes nas rutas de transporte escolar xestionadas pola Consellería de Educación e co obxectivo de optimizar os recursos dispoñibles, poderase autorizar o uso do servizo aos colectivos seguintes :

1. Ao alumnado de ensino obrigatorio, cuxo domicilio estea situado a unha distancia, calculada utilizando o itinerario máis directo, sen desvíos e rodeos innecesarios, do centro escolar inferior a 2 km e superior a 1 km en zona urbanizada e 500 m en zona non urbanizada.
2. Ao alumnado escolarizado en centros que non lles corresponden de acordo coas áreas de influencia fixadas en función dos seus domicilios familiares.
3. Ao alumnado que, por causa de proximidade xeográfica, solicite a utilización de liñas de transporte correspondentes a centros distintos a aqueles nos que estea matriculado.

BAREMACIÓN NO CASO DE INSUFICIENCIA DE PRAZAS.

1. Os alumnos que teñan irmáns e irmás escolarizadas forzosamente no centro ou que sexan usuarios con dereito, mentres estes permanezan nel.
2. O alumnado de ensino obrigatorio e segundo ciclo de ensino infantil cuxo domicilio estea situado a unha distancia do centro escolar inferior a 2 km e superior a 1 km en zona urbanizada e 500 m en zona non urbanizada (con prioridade, á súa vez, dos discapacitados ou menores en idade sobre os maiores cando sexa preciso).
3. O alumnado de ensino obrigatorio e segundo ciclo de educación infantil escolarizado en centro distinto do que lle corresponde por área de influencia (con prioridade, á súa vez, dos discapacitados ou menores en idade sobre os maiores cando sexa preciso).
4. O alumnado de ensino obrigatorio e segundo ciclo de educación infantil que solicite, por causa de proximidade xeográfica, a utilización do transporte dun centro distinto daquel no que está escolarizado (con prioridade, á súa vez, dos discapacitados ou menores en idade sobre os maiores cando sexa preciso).
5. O alumnado de ensinanzas non obrigatorias (con prioridade, á súa vez, dos discapacitados).


Cando como consecuencia da incorporación de novo alumnado que se produza durante o curso escolar, sexa preciso ceder a praza de transporte a un usuario con dereito, o centro educativo valorará de novo as solicitudes recibidas, cargando na aplicación "transporte escolar" unha nova relación de usuarios excepcionais que se repartirán as prazas sobrantes, aplicando os criterios de preferencia e ponderación.

RUTAS AUTORIZADAS

Ruta 01/E


Hora de inicio na parada N-VI (Parrillada (Avda. das Mariñas 268): **8:10 h**

Ord	Parada	Km	Inf	Pri	ESO	CB	PF	EE	Outr	Tot
0	CEIP Juana de Vega	0,0	0	0	0	0	0	0	0	0
1	GROVIAS	1,1	0	0	0	0	0	0	0	0
2	SARRO	0,3	0	2	0	0	0	0	0	2
3	A CHASQUEIRA	0,7	2	6	0	0	0	0	0	8
4	OS VILARES	0,5	0	3	0	0	0	0	0	3
5	RÚA PIÑEIRO	0,5	0	0	0	0	0	0	0	0
6	RAPOSEIRA	0,3	0	0	0	0	0	0	0	0
7	MORZÁN	0,4	0	0	0	0	0	0	0	0
8	FONTES 2	0,3	2	2	0	0	0	0	0	4
9	FONTES Cr.Campo Vila	0,2	2	4	0	0	0	0	0	6
10	IÑÁS-Pazo de Arenaza	1,0	2	1	0	0	0	0	0	3
11	O CARBALLO-P.Bus	1,8	0	4	0	0	0	0	0	4
12	Urb. MESÓN DA AUGA	0,3	0	0	0	0	0	0	0	0
13	MESÓN DA AUGA-gasolineira	0,4	0	0	0	0	0	0	0	0
14	O SEIXAL-San Pedro	1,3	2	8	0	0	0	0	0	10
15	N-VI/Parrillada (Avda. das Mariñas, 268)	1,9	0	0	0	0	0	0	0	0
* Totais:		11	10	30	0	0	0	0	0	40




Ruta 01/SSaída do colexio ás **14:15 h.**

Ord	Parada	Km	Inf	Pri	ESO	CB	PF	EE	Outr	Tot
0	CEIP Juana de Vega	0,0	0	0	0	0	0	0	0	0
1	N-VI/Parrillada (Avda. das Mariñas, 268)	3,4	0	0	0	0	0	0	0	0
2	MESÓN DA AUGA-gasolineira	3,2	3	0	0	0	0	0	0	3
3	Urb. MESÓN DA AUGA	0,4	3	19	0	0	0	0	0	22
4	O CARBALLO-P.Bus	0,3	0	3	0	0	0	0	0	3
5	INÁS-Pazo de Arenaza	1,8	2	4	0	0	0	0	0	6
6	FONTES Cr.Campo Vila	1,0	1	1	0	0	0	0	0	2
7	FONTES 2	0,2	0	2	0	0	0	0	0	2
8	MORZÁN	0,3	0	0	0	0	0	0	0	0
9	RAPOSEIRA	0,4	0	0	0	0	0	0	0	0
10	RÚA PIÑEIRO	0,3	0	0	0	0	0	0	0	0
11	OS VILARES	0,5	0	1	0	0	0	0	0	1
12	A CHASQUEIRA	0,5	2	6	0	0	0	0	0	8
13	SARRO	0,7	0	1	0	0	0	0	0	1
14	GROVIAS	0,3	0	0	0	0	0	0	0	0
* Totais:		13.3	11	37	0	0	0	0	0	48



Ruta 02/EHora de inicio na parada OLEIROS-Mercadona: **8:10 h**

Ord	Parada	Km	Inf	Pri	ESO	CB	PF	EE	Outr	Tot
0	CEIP Juana de Vega	0,0	0	0	0	0	0	0	0	0
1	BEIRAMAR/N-VI	3,9	6	8	0	0	0	0	0	14
2	PERILLO-P.Taxis	2,2	4	8	0	0	0	0	0	12
3	LUCIN-P.Bus	1,0	1	7	0	0	0	0	0	8
4	MONTROVE/Limoeiros	1,8	1	4	0	0	0	0	0	5
5	AS PEDREIRAS	1,4	0	0	0	0	0	0	0	0
6	POLICIA LOCAL	1,3	0	2	0	0	0	0	0	2
7	OLEIROS-Mercadona	1,0	0	1	0	0	0	0	0	1
* Totais:		12.6	12	30	0	0	0	0	0	42




Ruta 02/SHora de saída do centro: **13:45 h**

Ord	Parada	Km	Inf	Pri	ESO	CB	PF	EE	Outr	Tot
0	CEIP Juana de Vega	0,0	0	0	0	0	0	0	0	0
1	R/Pilar Estévez Dieguez 29	0,8	0	0	0	0	0	0	0	0
2	SAN MARCOS CRUCE	0,3	2	3	0	0	0	0	0	5
3	NOS-Casa do Pobo	1,4	0	0	0	0	0	0	0	0
4	OLEIROS-Mercadona	7,4	0	0	0	0	0	0	0	0
5	POLICIA LOCAL	1,0	0	2	0	0	0	0	0	2
6	AS PEDREIRAS	1,3	0	0	0	0	0	0	0	0
7	MONTROVE/Limoeiros	1,4	1	4	0	0	0	0	0	5
8	LUCIN-P.Bus	1,8	1	8	0	0	0	0	0	9
9	PERILLO-P.Taxis	1,0	4	9	0	0	0	0	0	13
10	BEIRAMAR/N-VI	2,2	4	5	0	0	0	0	0	9
11	N-VI/O SEIXO(BMW)	0,6	1	0	0	0	0	0	0	1
* Totais:		19.2	13	31	0	0	0	0	0	44

Ruta 03/E


Hora de inicio na parada Urb. Mesón da Auga: **8:45 h**

Ord	Parada	Km	Inf	Pri	ESO	CB	PF	EE	Outr	Tot
0	CEIP Juana de Vega	0,0	0	0	0	0	0	0	0	0
1	NOS-A Veiga	1,6	0	9	0	0	0	0	0	9
2	MESÓN DA AUGA-gasolineira	2,2	0	0	0	0	0	0	0	0
3	Urb. MESÓN DA AUGA	0,3	8	20	0	0	0	0	0	28
* Totais:		4.1	8	29	0	0	0	0	0	37



Ruta 04/EHora de inicio na parada N VI / O Seixo (BMW): **8:40 h**

Ord	Parada	Km	Inf	Pri	ESO	CB	PF	EE	Outr	Tot
0	CEIP Juana de Vega	0,0	0	0	0	0	0	0	0	0
1	R/Pilar Estévez Dieguez 29	0,8	0	0	0	0	0	0	0	0
2	SAN MARCOS CRUCE	0,3	3	3	0	0	0	0	0	6
3	NOS-Casa do Pobo	1,4	0	0	0	0	0	0	0	0
4	NOS-A Veiga	0,7	2	2	0	0	0	0	0	4
5	ITURRI (r/Graxal 2)	1,6	1	9	0	0	0	0	0	10
6	N-VI/O SEIXO(BMW)	0,2	1	0	0	0	0	0	0	1
* Totais:		5	7	14	0	0	0	0	0	21



Ruta D03/S

Hora de saída do centro: **13:45 h**

Ord	Parada	Km	Inf	Pri	ESO	CB	PF	EE	Outr	Tot
0	CEIP Juana de Vega	0,0	0	0	0	0	0	0	0	0
1	NOS-A Veiga	1,6	1	11	0	0	0	0	0	12
2	ITURRI (r/Graxal 2)	1,7	2	8	0	0	0	0	0	10
3	O SEIXAL-San Pedro	0,9	2	7	0	0	0	0	0	9
* Totais:		4.2	5	26	0	0	0	0	0	31

